

# TRABALLO FIN DE GRAO



Orientacións, procedemento e anexos



Validada pola Comisión de  
Garantía Interna de Calidade  
e Aprobada pola Xunta de Centro  
Ourense, día 9 de marzo de 2023




Centro certificado  
FIDES AUDIT



Facultade de  
Educación e Traballo Social

Universidade de Vigo



Facultade de  
Ciencias da Educación  
**Universidade de Vigo**



Centro certificado  
**FIDES-AUDIT**

## **GUÍA DIDÁCTICA**

**TRABALLO FIN DE GRAO (TFG)<sup>1</sup>:  
ORIENTACIÓNS, PROCEDEMENTO E ANEXOS**

---

**Validada pola Comisión de Garantía Interna de Calidade  
e Aprobada pola Xunta de Centro**

Ourense, día 9 de marzo de 2023

Este documento ten carácter permanente ata que se produzan cambios relevantes e/ ou aparezan  
novos requisitos, necesidades, etc.

---

---

<sup>1</sup> Ao amparo da Normativa do Traballo de Fin de Grao da Facultade de Educación e Traballo Social (aprobada pola Xunta de Centro o 9 de marzo de 2023) e da Normativa para a realización do Traballo de Fin de Grao da Universidade de Vigo (aprobada no Consello de Goberno o 15 de xuño de 2016 e modificada o 13 de novembro de 2018 e o 31 de outubro de 2022).

## ÍNDICE

<b>TIPOLOXÍA E ESTRUTURA .....</b>	<b>3</b>
Opción profesionalizante.....	3
Opción de investigación empírica .....	5
Opción de investigación teórica .....	6
<b>CUESTIÓNS DE FORMATO/FORMA .....</b>	<b>7</b>
<b>TRÁMITES PARA PRESENTACIÓN, DEFENSA E REVISIÓN DO TFG .....</b>	<b>8</b>
a) Titor/a.....	8
b) Alumnado.....	8
c) Tribunal unipersoal.....	8
<b>AVALIACIÓN DO TFG .....</b>	<b>10</b>
Criterios a considerar na avaliación para o traballo escrito.....	10
Criterios a considerar na avaliación para a defensa pública.....	10
<b>ANEXOS:</b>	
Anexo I. Rúbrica cualificación do TFG do Tribunal unipersoal.....	11
Anexo II. Constitución tribunal/Cualificacións provisionais/data revisión .....	12
Anexo III. Constitución da Comisión para outorgar as Matrículas de Honra .....	13
Anexo IV. Rexistro de revisión da cualificación do TFG.....	14
Anexo V. Comprobante de revisión da cualificación do TFG .....	15
Anexo VI. Modelo de instancia para solicitar a revisión ante o centro .....	16

## TIPOLOXÍA E ESTRUTURA

O TFG debe ser un traballo persoal no que a/o alumna/o constrúa un discurso propio. **Cando se utilicen ideas ou palabras doutra autoría acreditarase explicitamente a súa procedencia.**

O alumnado pode elixir entre tres posibilidades á hora de enfocar e estruturar o TFG: a opción profesionalizante, a opción de investigación empírica e a opción de investigación teórica. Estas opcións teñen un carácter orientativo. Poden considerarse válidas outras variantes sempre que sexan coherentes e pertinentes co traballo que se desenvolva.

### • **Opción profesionalizante** (programas e/ou recursos)

Trátase dun traballo enfocado ao ámbito educativo, socioeducativo ou ao social (atendendo ao Grao do que se trate) para centrarse nun dos seus microcontextos. Esta modalidade debe incluír o **deseño e/ou implementación e/ou avaliación** dun proxecto inédito nun ambiente profesional ou o **desenvolvemento e/ou avaliación** dun proxecto existente. A opción pode incluír tamén o referido ao deseño e/ou implementación e avaliación de recursos ou materiais de interese para o título.

É importante lembrar que esta opción **inclúe obrigatoriamente algún tipo de investigación empírica inédita** (da que se aportarán os resultados empíricos) na que se apoia o deseño e/ou a implementación dun programa/recurso e/ou se aportan os resultados da avaliación dun programa. **Non se considera para o TFG o simple deseño de programas ou materiais.**

### GUIÓN ORIENTATIVO

**Título do TFG** (obrigatoriamente en castelán, galego e inglés. Nos graos de Educación Infantil e Educación Primaria, mención linguas estranxeiras francés, de ser o caso, e, en función do idioma do traballo, incluírase tamén neste idioma. A orde establecerase dando preferencia ao idioma no que se desenvolva o TFG, que poderá ser en galego, castelán, portugués, inglés ou francés).

### ÍNDICE

**Resumo** (nos respectivos idiomas. A orde establecerase dando preferencia ao idioma no que se desenvolva o TFG).

**Palabras chave** (nos respectivos idiomas, entre 3-6. A orde establecerase dando preferencia ao idioma no que se desenvolva o TFG).

**Introdución.** Xustificación da elección (interese persoal ou académico do tema), presentación da temática, **argumentación/xustificación da adecuación do TFG para o ámbito da profesión** (isto último é un requisito imprescindible) etc.

### **1. Marco teórico / Estado da cuestión / Marco lexislativo**

Documentar o tema: fundamentar teoricamente, aportar resultados e/ou conclusións doutros estudos etc. Se fose pertinente abordar o marco lexislativo ou referirse á normativa oportuna.

### **2. Análise do contexto / Identificación de necesidades**

Realizar unha análise de necesidades aportando os resultados e a descrición sobre a avaliación diagnóstica da situación. Para iso, será necesario recoller datos e analizalos, presentar os resultados e describilos/interpretalos.

### **3. Deseño da intervención** (a partir da situación analizada e dos resultados obtidos):

- 3.1. Obxectivos (xerais e específicos)
- 3.2. Actividades
- 3.3. Metodoloxía
- 3.4. Recursos (humanos, materiais...)
- 3.5. Temporalización/Cronograma
- 3.6. Instrumentos/Técnicas de avaliación

### **4. Descrición da implementación do programa** (de ser o caso)

### **5. Resultados da avaliación do programa**

Reflectir os resultados no caso de ter aplicado a intervención ou de ter avaliado outro programa existente.

### **6. Conclusións**

### **7. Propostas de mellora** (se se aplica) **e reflexións finais** (opcional)

Poderase reflexionar sobre as competencias adquiridas co TFG, dificultades atopadas á hora da súa realización, autoavaliación etc.

### **Referencias bibliográficas**

### **ANEXOS** (de ser o caso)

## • Opción de investigación empírica (cuantitativa /cualitativa/ mixta)

Proposta de investigación sobre un campo/tema concreto. Responderá a unha iniciativa que inclúa un marco teórico, uns obxectivos e/ou interrogantes de investigación e/ou hipóteses. Necesariamente debe incluír unha parte empírica que aporte os seus resultados e conclusións. Esta modalidade deberá reflectir a metodoloxía e técnicas de investigación (descrición da tipoloxía de investigación, selección e uso de instrumentos/técnicas/ferramentas para a recollida da información, así como da análise e interpretación dos datos).

### GUIÓN ORIENTATIVO

**Título do TFG** (obrigatoriamente en castelán, galego e inglés. Nos graos de Educación Infantil e Educación Primaria, mención linguas estranxeiras francés, de ser o caso, e, en función do idioma do traballo, incluírase tamén neste idioma. A orde establecerase dando preferencia ao idioma no que se desenvolva o TFG, que poderá ser en galego, castelán, portugués, inglés ou francés).

### Índice

**Resumo** (nos respectivos idiomas. A orde establecerase dando preferencia ao idioma no que se desenvolva o TFG).

**Palabras chave** (nos respectivos idiomas, entre 3-6. A orde establecerase dando preferencia ao idioma no que se desenvolva o TFG).

**Introdución.** Xustificación da elección (interese persoal ou académico do tema), presentación da temática, **argumentación/xustificación da adecuación do TFG para o ámbito da profesión** (isto último é un requisito imprescindible) etc.

### 1. Marco teórico / Estado da cuestión / Marco lexislativo

Documentar o tema: fundamentar teoricamente, aportar resultados e/ou conclusións doutros estudos etc. Se fose pertinente abordar o marco lexislativo ou referirse á normativa oportuna.

### 2. Interrogantes / Obxectivos/ Hipóteses (segundo proceda)

**3. Metodoloxía de investigación** (indicar e xustificar e/ou argumentar de que tipo de investigación se trata)

3.1. Participantes

3.2. Instrumentos e/ou técnicas de recollida de datos/información

3.3. Procedemento (pasos seguidos para a obtención/recollida dos datos)

3.4. Análise de datos (procedemento e tipo de análises)

### 4. Resultados

Presentación sistemática dos resultados (pódense incluír táboas, esquemas, figuras, debuxos...) e a descrición/interpretación destes.

### 5. Conclusións

### 6. Reflexións finais (opcional)

Poderase reflexionar sobre as competencias adquiridas co TFG, dificultades atopadas á hora da súa realización, autoavaliación etc.

### Referencias bibliográficas

**ANEXOS** (de ser o caso)

## •Opción de investigación teórica

Abordarase o afondamento sobre un concepto teórico específico ou temática de interese para o Título.

Trátase dun estudo que implica unha **abordaxe teórica con análise comparativa e/ou crítica** como base para a discusión ou exposición sobre un tema en profundidade. Esta opción **debe incluír unha ampla revisión bibliográfica** sobre o tema de estudo e debate/discusión en relación aos referenciais teóricos explícitos e coñecementos dispoñibles.

### GUIÓN ORIENTATIVO

**Título do TFG** (obrigatoriamente en castelán, galego e inglés. Nos graos de Educación Infantil e Educación Primaria, mención linguas estranxeiras francés, de ser o caso, e, en función do idioma do traballo, incluírse tamén neste idioma. A orde establecerase dando preferencia ao idioma no que se desenvolva o TFG, que poderá ser en galego, castelán, portugués, inglés ou francés).

### Índice

**Resumo** (nos respectivos idiomas. A orde establecerase dando preferencia ao idioma no que se desenvolva o TFG).

**Palabras chave** (nos respectivos idiomas, entre 3-6. A orde establecerase dando preferencia ao idioma no que se desenvolva o TFG).

**Introdución.** Xustificación da elección (interese persoal ou académico do tema), presentación da temática, **argumentación/xustificación da adecuación do TFG para o ámbito da profesión** (isto último é un requisito imprescindible) etc.

**1. Presentación do tema de estudo** (incluír a problemática/obxectivo ou unha pregunta de estudo)

### 2. Marco teórico e estado da cuestión

Documentar o tema: fundamentar teoricamente, aportar resultados e/ou conclusións doutros estudos etc. Se fose pertinente abordar o marco legislativo ou referirse á normativa oportuna.

### 3. Metodoloxía

**4. Resultados/argumentación crítica sobre os referentes aportados** (a análise é recomendable acompañala con táboas, esquemas, figuras, ilustracións...).

### 5. Conclusións

### 6. Reflexións finais (opcional)

Poderase reflexionar sobre as competencias adquiridas co TFG, dificultades atopadas á hora da súa realización, autoavaliación etc.

### Referencias bibliográficas

**ANEXOS** (de ser o caso)

## CUESTIÓNS DE FORMATO/FORMA

- Idioma: galego, castelán, portugués, inglés ou francés.
- **Extensión entre 5.000 e 10.000 palabras**, contabilizando desde a introdución (exclúense páxinas anteriores: portada, índice, resumo, dedicatorias etc.) ata as referencias bibliográficas (exclúense os anexos). **Debe evitarse incorporar como anexos información que non sexa substancial para o traballo, limitándose a aqueles que poidan resultar estritamente necesarios.**
- Espazo interlineal 1,5; marxe 2,5 superior e inferior e 3 dereita e esquerda; fonte 12 (Arial, Times New Roman ou similar) para os títulos principais do corpo do TFG empregar maiúscula e negriña, subtítulos de 1º nivel en negriña e cursiva para o 3º nivel (con numeración arábica); citas textuais, táboas, figuras... tamaño inferior (pode seguirse a APA). Utilizar sangría de 1,25 para a primeira liña ao iniciar o parágrafo ordinario ou se se escolle o estilo de parágrafo moderno empregar espazo posterior de 6.
- Resumo, máximo 150-200 palabras (necesariamente no idioma do traballo e de non coincidir co anterior tamén en galego, castelán e inglés).
- Palabras chave (entre 3-6) nos respectivos idiomas (necesariamente no idioma do traballo e de non coincidir co anterior tamén en galego, castelán e inglés).
- A portada debe incluír:
  - Logotipo actual da Facultade
  - Grao no que se está matriculado/a
  - Título do TFG (no idioma do corpo do traballo)
  - Nome da alumna ou alumno
  - Nome da titora ou titor
  - Lugar, mes e ano da súa defensa.
- O TFG incluír un índice indicando o número de páxina correspondente, alomenos, de cada título reflectido no traballo. O corpo do traballo debe estar debidamente paxinado.
- Os símbolos, siglas ou nomenclaturas deberán indicarse por extenso a primeira vez coa abreviatura entre paréntese ou incluír un índice destes, aínda que estean normalizados.
- As táboas, figuras, debuxos..., de existiren, contarán con títulos e serán citadas no corpo do texto ademais e, de ser necesario, levarán pés explicativos.
- As notas a pé de páxina, de existiren, numeraranse consecutivamente. As referencias bibliográficas non se aceptan como notas a pé de páxina.
- Referencias bibliográficas, ao final do TFG, incluíranse nunha listaxe denominada "Referencias bibliográficas". Presentaranse por orde alfabética e referenciadas segundo a normativa APA (a última en vigor) ou outra normativa estandarizada. Todas as citas bibliográficas que se inclúan no texto do traballo deben ter a súa correspondencia nas "Referencias bibliográficas", sen incluír ningunha que non fose citada no corpo do TFG.
- Os anexos que inclúan información complementaria, de existiren, irán á parte, ao final do TFG (non formarán parte do corpo do traballo) e preferentemente numerados.



## TRÁMITES PARA A PRESENTACIÓN, DEFENSA E REVISIÓN DO TFG

Aspectos a ter en conta polos/as implicados/as:

### a) Titor/a

Dentro do prazo establecido o titor/a emitirá “informe de conformidade” dende a súa secretaría virtual (ver información facilitada polo decanato e formularios nesta guía ou na web do centro).

### b) Alumnado (ver a información facilitada en Moovi na materia do TFG)

- A partir do momento en que o titor/a faga o informe de conformidade favorable na secretaría virtual, e dentro do prazo establecido, o alumno/a entrará na súa secretaría virtual e marcará a materia en “TFG matriculado” para cubrir todos os datos a partir de “Ir a solicitude de defensa”.

- Subir á súa secretaría virtual o arquivo dixital do TFG en pdf, que **non poderá superar o peso de 4 MB**.

- Entregar, ademais, o seu TFG de xeito dixital en Moovi, **nun único arquivo pdf**, neste caso a través do apartado "Ejercicios/Tareas". Antes de subir este ficheiro debe nomearse do seguinte modo:

“1ºApellido\_2ºApellido\_Nome\_Titulacion\_TFG”

Exemplo: Suarez\_Cid\_Nuria\_EP\_TFG.

Perez\_Gomez\_Ines\_EI\_TFG;

Martinez\_Otero\_Maria\_ES\_TFG;

Gonzalez\_Lorenzo\_Cristina\_TS\_TFG.

**Non é necesaria a entrega impresa do TFG nin do xustificante de solicitude.**

- O acto de exposición e defensa será realizada de forma presencial en sesión pública na data e hora establecida. A **exposición durará un máximo de 10 minutos**. O tribunal unipersonal disporá de 5 minutos para formular as cuestións relativas ao TFG que considere oportunas e o alumno ou alumna dun máximo de 5 minutos para responder a estas.

### c) Tribunal Unipersonal

As obrigas do tribunal unipersonal serán as seguintes:

- Indicar, no prazo establecido, a data/horario preferente (dentros das fixadas no calendario oficial) para a celebración do acto de defensa presencial. A dita proposta será subida ao espazo correspondente en Moovi. No caso de non facilitar esta información será a coordinación de TFG do título a encargada de fixar esta cuestión. Dado que os espazos físicos do centro son limitados, as propostas serán tomadas como suxestións, non sendo vinculantes.
- Avaliar o alumnado en base coas esixencias establecidas para os TFG.
- Comprobar na secretaría virtual e en Moovi, nos días anteriores á presentación, que se atopa subido o arquivo correspondente ao TFG. En caso negativo deberá

comunicar a incidencia ao alumno/a interesado/a, así como á coordinación de TFG do seu título.

- Cubrir o Anexo II (Cualificacións provisionais e revisión) informando da data, hora e lugar do proceso de revisión, e subilo a Moovi, na materia do TFG, no apartado «Notas provisionais - Actas de cualificación».
- Cando un TFG fose cualificado cunha nota entre 9 e 10, o tribunal poderá propoñer a mención de "Matrícula de Honra" (MH). Dita proposta deberá ser comunicada á Coordinación de TFG, do título correspondente, mediante correo electrónico ao finalizar o acto de defensa e avaliación. Neste caso, o tribunal unipersonal deberá esperar á resolución da Comisión de MH para cubrir a acta correspondente.
- Unha vez finalizado o período de revisión, cubrir para cada alumno/a avaliado a rúbrica de cualificación do tribunal (Anexo I), e subila á secretaría virtual no momento de cubrir a acta oficial.
- A entrega de actas dos TFG realizarase, preferentemente, o mesmo día da defensa. En todo caso, farase nos tempos máximos de entrega de actas fixados no calendario académico oficial da Universidade de Vigo.

### **SOBRE A REVISIÓN DO TFG**

- Na data e hora establecida o/a alumno/a poderá acudir á revisión da cualificación outorgada ao seu TFG ante o tribunal unipersonal. No caso do alumnado proposto para Matrícula de Honra (MH) poderá facelo ante a Comisión responsable.
- Trala revisión da cualificación ante o tribunal unipersonal e/ou a Comisión correspondente e a determinación das cualificacións finais, o/a estudante que estivese desconforme coa puntuación conferida pode, nun prazo de quince días naturais, solicitar a revisión da proba a través do Centro.
- A dita solicitude de revisión motivada presentarase a través da sede electrónica da Universidade de Vigo, dirixida ao decanato da FETS, que a derivará á Comisión de coordinación de TFG para a súa valoración. O prazo para a súa resolución será de tres semanas dende a súa recepción.

**NO CASO DE NON SUPERAR O TFG NA 1ª EDICIÓN OU POSTERIORES TANTO O TITOR/A COMA O ALUMNO/A DEBERÁN VOLVER REALIZAR TODO O PROCESO PARA XERAR UNHA NOVA SOLICITUDE NA SECRETARÍA VIRTUAL.**

## AVALIACIÓN DO TFG

**A avaliación do TFG é competencia exclusiva do tribunal unipersonal que emitirá unha puntuación empregando unha escala numérica de 0 a 10 puntos, con expresión dun decimal:**

- 0 - 4,9: Suspenso.
- 5,0 - 6,9: Aprobado.
- 7,0 - 8,9: Notable.
- 9,0 - 10: Sobresaínte.

O TFG debe cumprir necesariamente cos seguintes requisitos: (1) ser un traballo persoal e orixinal no que se constrúa un discurso propio. Cando se utilicen ideas ou palabras doutra autoría acreditarase explicitamente a súa orixe, (2) respectar a extensión máxima permitida (5.000-10.000 palabras), (3) incluír un apartado de resultados empíricos, en función das características da modalidade presentada e (4) respectar o emprego dunha linguaxe inclusiva.

O peso na avaliación do traballo escrito e da presentación oral, así como os criterios básicos a empregar polo tribunal serán os seguintes (ver Anexo I):

### **a) 70% - Traballo escrito**

- O resumo inclúe os compoñentes esenciais. Estrutura do TFG coherente, exposición clara e corrección lingüística.
- Fundamentación teórica/Estado da cuestión/ Lexislación (de ser o caso)
- Relevancia para o ámbito da profesión e achegas persoais.
- Obxectivos e adecuación metodolóxica.
- Presentación, descrición, ilustración e, de ser o caso, interpretación dos resultados.
- Suficiencia, interese e actualidade da bibliografía. Uniformidade de citas e referencias e correspondencia entre elas.
- De ser o caso, as conclusións e discusión son coherentes cos obxectivos/preguntas de investigación/hipótese e cos resultados.

### **b) 30%- Defensa pública**

- Exposición do alumno/a entre 7-10 minutos. Comentarios e cuestións do tribunal máximo 5 minutos. Resposta do alumno/a máximo 5 minutos.
- Selección, equilibrio e organización do contido na presentación oral.
- Competencia comunicativa oral e emprego adecuado do vocabulario, así como dos recursos informáticos.
- Respostas ás cuestións formuladas polo tribunal avaliador.

A cualificación (de 0 a 10) realizarase de xeito motivado, atendendo aos criterios presentados na rúbrica de avaliación (ver rúbrica Anexo I).

## ANEXO I

### CUALIFICACIÓN DO TFG (tribunal unipersonal)

CURSO ACADÉMICO:.....

TITULACIÓN:.....

NOME E APELIDOS DO ALUMNA/O:.....

NOME E APELIDOS DO MEMBRO DO TRIBUNAL: .....

Ourense, ..... de ..... de .....

OPCIÓN/TIPOLOXÍA TFG (investigación empírica/profesionalizante/investigación teórica)				
ORIXINALIDADE DO CONTIDO	SI		NON	
INCLÚE RESULTADOS EMPÍRICOS	SI		NON	
Problema de atención á diversidade	SI		NON	
RESPECTA A EXTENSIÓN PERMITIDA (5.000-10.000 palabras)	SI		NON	

CRITERIOS/VALORACIÓN	En todos casos colocar a puntuación numérica correspondente				OBSERVACIÓNS
	Suspenso 0-4,9	Suficiente 5-6,9	Notable 7-8,9	Sobresáinte 9-10	
<b>Traballo escrito (ata 7 puntos)</b>					
O resumo inclúe os compoñentes esenciais. Estrutura do TFG coherente, exposición clara e corrección lingüística.					
Fundamentación teórica/Estado da cuestión/ Lexislación (de ser o caso)					
Relevancia para o ámbito da profesión e achegas persoais.					
Obxectivos e adecuación metodolóxica.					
Presentación, descrición, ilustración e, de ser o caso, interpretación dos resultados.					
Suficiencia, interese e actualidade da bibliografía. Uniformidade de citas e referencias e correspondencia entre elas.					
De ser o caso, as conclusións e discusión son coherentes cos obxectivos/preguntas de investigación/hipótese e cos resultados.					
<b>Defensa pública (ata 3 puntos)</b>					
Selección, equilibrio e organización do contido na presentación oral.					
Competencia comunicativa oral e emprego axeitado do vocabulario, así coma dos recursos informáticos.					
Respostas ás cuestión formuladas polo tribunal avaliador.					

**CUALIFICACIÓN GLOBAL DO TRIBUNAL de 0-10 ( $\Sigma$  de puntuacións en cada criterio/10):**

## ANEXO II

### CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL UNIPERSOAL DO TFG, CUALIFICACIÓN PROVISIONAIS E REVISIÓN (tribunal)

CURSO ACADÉMICO:.....

TITULACIÓN:.....

CONVOCATORIA: 1ª  2ª  Extr

Sendo as ..... horas do día..... de .....  
de ....., constitúese o Tribunal avaliador do TFG, na aula  
..... desta Facultade.

NOME A APELIDOS DO TRIBUNAL UNIPERSOAL:

#### Cualificacións Provisionais

En sesión pública, con data ..... de ..... de .....  
....., fixeron a presentación e defensa dos *Traballos Fin de Grao* os seguintes  
alumnos/as:

APELIDOS E NOME ALUMNADO	CUALIFICACIÓN		
	Traballo escrito (ata 10 ptos. Pondera 70%)	Presentación e defensa (ata 10 ptos. Pondera 30%)	Cualificación global (ata 10 ptos)

#### Revisión de cualificacións:

Día ..... de ..... de 201.....

Horario: de ..... a ..... horas. Lugar da revisión:.....

## ANEXO III

### CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN PARA OUTORGAR AS MATRÍCULAS DE HONRA DE TFG, CUALIFICACIÓNS PROVISIONAIS E REVISIÓN (Comisión)

CURSO ACADÉMICO:.....

TITULACIÓN:.....

CONVOCATORIA: 1ª  2ª  Extr

Sendo as ..... horas do día..... de ..... de ....., constitúese a Comisión para outorgar as Matrículas de Honra de TFG, na aula..... desta Facultade.

#### MEMBROS INTEGRANTES

Presidente/a:.....

Secretario/a: .....

Vogal:.....

#### Cualificacións Provisionais

Con data ..... de..... de....., a Comisión  
acorda o seguinte:

APELIDOS E NOME ALUMNADO	CONCESIÓN DE MATRÍCULA DE HONRA	
	SI	NON

#### Revisión de cualificacións:

Día ..... de ..... de 201.....

Horario: de ..... a ..... horas. Lugar da revisión:.....  
.....

## ANEXO IV

### REGISTRO DE REVISIÓN DA CUALIFICACIÓN DO TFG (formulario para o tribunal unipersoal/ Comisión que outorga as MH)

CURSO ACADÉMICO:.....

TITULACIÓN:.....

#### Relación de alumnado

**CONVOCATORIA:** xuño  xullo  Extraordinaria

TRIBUNAL UNIPERSOAL/COMISIÓN:.....

Lugar, data e hora da  
revisión:.....

Apelidos e nome do alumnado	DNI	Sinatura	Observacións

## ANEXO V

### COMPROBANTE DE REVISIÓN DA CUALIFICACIÓN DO TFG

(baixo petición do-a alumno/a)

DOCENTE RESPONSABLE DA  
REVISIÓN:.....

CURSO ACADÉMICO:.....

TITULACIÓN:.....

**CONVOCATORIA:**      Xuño                       Xullo                       Extraordinaria

Lugar, data e hora da  
revisión:.....

Apelidos e nome	Sinatura e DNI alumno-a	Sinatura profesor-a
<b>OBSERVACIÓNS:</b>          		



## ANEXO VI

### MODELO DE INSTANCIA PARA SOLICITAR A REVISIÓN ANTE O CENTRO

(formulario para o/a alumno/a)

CURSO ACADÉMICO:.....

TITULACIÓN:.....

**CONVOCATORIA:** xuño  xullo  Extraordinaria

GRAO EN .....

**Nota:** Imprescindible axuntar copia do comprobante de revisión da cualificación

**Nome e apelidos do alumno/a:**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

**SOLICITA:**

En.....a.....de.....de.....  
.....

Sinatura do alumno/a:.....

**A/A da Comisión de coordinación de TFG da Facultade de Educación e Traballo Social**



Facultade de  
Ciencias da Educación  
Universidade de Vigo

Área de Calidade



Centro certificado  
FIDES AUDIT